




1. EMPRAZAMENTO




DATOS XERAIS

Comarca: Rías Altas. Sector: Ría de Ortigueira. Concello: Cariño. Parroquia: Santa María da Pedra.
Extensión: 1,01 km2

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

Tramo acantilado no interior da ría pero aberto cara ao seu exterior. O Monte Mazanteo aumenta a vertente superior de acantilados que posúen paredes moi dinámicas con constantes desprendementos e escorregamentos rotacionais. No resto do sector, as paredes dos cantís están secundadas por vertentes de suave pendente. Nas zonas de acantilados máis inestables desenvólvense praias ao pé alimentadas polos propios movementos de ladeira e parede.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

Unidade completamente composta por gneises e eclogitas do Precámbrico-Cámbrico pertencentes ao Complexo de Cabo Ortegal, dominando un bandeado de gneis e ecloxita e aparecendo diques puros de ecloxitas e anfíbolitas.

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Sector acantilado de réxime ombrotérmico Cálido e Seco no que a temperatura media anual supera os 14°C e a precipitación media acumulada durante o ano rexistra valores entre 800 mm e un máximo de 1000 mm. A amplitude térmica anual sitúase ao redor de 13° C.

OS SOLOS

Os fortes desniveis dan lugar a un dominio dos solos novos tipo umbrisol dístrico na maior parte da unidade con algún enclave de cambisoles en fondos de valgada de escasa pendente.


AS AUGAS

A natureza acantilada da unidade e o seu pouco desenvolvemento continental explican a ausencia dunha rede fluvial significativa, desenvolvendo tan só pequenas valgadas de forte pendente que verten ás masas de Augas Costeiras 20090 e 20116 esta última ao norte da Punta do Serrón.

O PATRIMONIO NATURAL

Costa do IBA Punta Candieira-Ría de Ortigueira-Estaca de Bares. Dende o extremo sudoriental ata a Punta do Castro da Moura, o sector máis próximo ao mar está incluído no LIC Ría de Ortigueira e Ladrado. O intermareal, a liña de costa e algúns tramos de chaira litoral quedan dentro do LIC Ría de Ortigueira e Ladrado. Fronte acantilada continua, polo que domina o hábitat 1230, Acantilados con vexetación das costas atlánticas e bálticas. As praias existentes teñen un intermareal bastante ancho, ao estar no corpo interior da ría, sendo importantes os bancos areosos e lamacentos intermareais e submareais (1110 e 1140). Citas do taxon vulnerable protexido Linaria aguillonensis.

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

Trátase dunha unidade cuxos usos do solo se reparten entre o agrario, que ocupou os terreos chairos, e polo tanto, aptos para o desenvolvemento de solo fértil; e o forestal coa explotación de bosque de repoboación que tapizou as pendentes do Monte Mazanteo que pecha a unidade cara ao oeste. No mosaico agrícola alternanse pasteiros e policultivos diversos. Os lindes do parcelario debuxaron unha pequena rede de conexións a través das sebes vivas que os configuran.

MORFOLOXÍA

Espazo carente de edificacións ou construcións.

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

Sobre os camiños existentes, de uso forestal, configuráronse rutas de sendeirismo que percorren o Monte Mazanteo.

PATRIMONIO HISTÓRICO

No inventario do patrimonio desta unidade rexístranse dous elementos: Os restos do depósito arqueolóxico correspondentes ao asentamento de Moroutón, sobre a Punta do Serrón, ao norte da praia de coios de Aréa das Vacas e o Castro da Moura, ao sur da citada praia, sobre o promontorio existente na Punta do Castro da Moura.

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

Trátase dunha unidade caracterizada pola total ausencia de elementos construídos, sendo, polo tanto, os elementos naturais os que dominan a escena. Destacan, por un lado, a costa acantilada e de certa inestabilidade, como demostran a existencia de escorregamentos que dan lugar a importantes depósitos de pé de acantilado, como é o caso de Area das Vacas; por outro lado, o prominente relevo que dá nome a esta unidade, o Monte Mazanteo, que cos seus 214 metros se erixe como unha importante atalaia que permite dominar gran parte do ámbito de esteiro da Ría de Ortigueira. Este relevo supón, ademais, unha barreira que evita a incursión de usos residenciais no interior da península sobre a que se asenta.

DINÁMICA DA PAISAXE

O carácter abrupto do tramo de litoral, con acantilados de forte dinámica e as pendentes da ladeira do Monte Mazanteo provocou unha débil ocupación do sector central da unidade por actividades agrarias. As explotacións forestais ateigaron as ladeiras orientais do Monte Mazanteo e Pena dos Gaiteiros.

RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN

VALORACIÓN DA PAISAXE

Este territorio presenta un elevado valor paisaxístico debido á inexistencia de construcións humanas, a excepción dos depósitos arqueolóxicos sinalados que realzan o valor intrínseco desta unidade. Os principais valores asóciáanse, polo tanto, á cobertura vexetal do solo e fundamentalmente, ás características físicas do territorio, coa presenza do Monte Mazanteo como Elemento de Interese Paisaxístico, considerado como tal pola súa elevación e privilexiada situación no contexto da Ría de Ortigueira-Ladrido, ademais dunha fachada acantilada de gran dinamismo sobre a que se localizan dous importantes depósitos arqueolóxicos: o Castro da Moura e o asentamento de Moroutón. Todo o sector sur da unidade se inclúe en LIC e ZEPA de Ortigueira-Mera segundo a Directiva Hábitat, e ZEPVN e Humidal Protexido segundo a Lei galega de espazos protexidos.



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCIÓNS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE RECUALIFICACIÓN

Nesta unidade non se contemplan posibles ámbitos de recualificación.

Lenda / Leyenda

Usos do solo/ Usos del suelo

	Chairras intermareais / Llanuras intermareales		Matogueiras / Matorrales
	Marismas / Marismas		Cultivos e prados / Cultivos y prados
	Praias / Playas		Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero
	Dunas / Dunas		Viñedos / Viñedos
	Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros		Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico
	Cantis / Acantilados		Forestal de repoboación / Forestal de repoblación
	Vexetación costeira / Vegetación costera		Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas
	Bosques autóctonos / Bosques autóctonos		Outras masas de auga / Otras masas de agua
	Bosques de ribeira / Bosques de ribera		Canteira / Cantera
	Bosques mixtos / Bosques mixtos		Artificial / Artificial
	Bosques de recolonización / Bosques de recolonización		
	Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo		

Asentamentos / Asentamientos

	Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
	Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
	Asentamento funcional / Asentamiento funcional
	Agregado urbano / Agregado urbano
	Nova agrupación / Nueva agrupación
	Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

-
-
-
-
-
-
-
-

Toponimia / Toponimia

Toponimia interior / Toponimia interior

Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral

Praia / Playa

Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve

Toponimia de costa / Toponimia de costa

Espazos de interese paisaxítico / Espacios de interés paisajístico

Toponimia de portos / Toponimia de puertos

Batimetría / Batimetría

Espazos de interese / Espacios de interés

-
-
-
-

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-
-
-
-
-
-
-
-
-
-
-



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



